



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Análise de proxectos empresariais

CONVOCATORIA: Convocatoria AUTONÓMICA, primeiro semestre

GRUPO: Consellería de Economía e Industria

ÁREA: Consellería de Economía e Industria

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 08/03/2017 - 08:00h ao 15/03/2017 - 14:00h

RESPONSABLE: VIÑA GONZÁLEZ, GUILLERMO [gv@igape.es]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O persoal de organismos públicos de Promoción Económica debe avaliar con frecuencia proxectos empresariais que se presentan como solicitude dunha subvención.

En moitos casos, os planes de empresa son moi densos ou moi xeralistas, polo que o persoal público responsable da promoción económica de Galicia debe coñecer as metodoloxías que faciliten a análise destes proxectos e a súa viabilidade.

Por outra parte, en moitos casos, a persoa emprendedora non ten a idea o suficientemente reflexionada, polo que sería recomendable acompañala na maduración da idea con técnicas ou ferramentas mais amigables e útiles para a reflexión, como paso previo á elaboración do Plan de empresa.

O curso, por tanto, debe capacitar ás persoas participantes para:

1. Aprender metodoloxías que permitan organizar os puntos clave dun proxecto empresarial
2. Aprender metodoloxías de análise dun proxecto empresarial desde o punto de vista da viabilidade comercial e económico financeira
3. Aprender a aplicar esas técnicas coas persoas emprendedoras que sexan usuarias do servizo

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia Persoal funcionario e laboral que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na línea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia e persoal que presta servizos en Institucións autonómicas.

PROGRAMA

1. Ferramentas de análise e maduración dos proxectos empresariais: O mapa mental e o Modelo CANVAS.

2. Ferramentas para a avaliación da viabilidade económico-financeira

Para o desenvolvemento do curso, contarase con material de apoio que facilite a creatividade (cartolinas, cores, etc.).

As sesións serán participativas, de forma que o alumnado, dividido en grupos, desenvolverá as técnicas aprendidas a partir das ideas que se irán propondo durante as sesións.

Para a explicación da parte económico-financeira, terase en conta o perfil das/dos participantes. No caso de que non se coñeza o VIABLE, esta será a ferramenta utilizada para a avaliación económica. No caso de que as persoas participantes estean familiarizadas co VIABLE, profundizarase máis nos conceptos económico-financeiros de interese para a análise da viabilidade empresarial.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Preferencia para empregados do IGAPE. Se quedan prazas libres, criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 18/04/2017 a 23/05/2017

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 23/05/2017 ás 18:30h

DOCENTES NOMEADOS

Promove Consultoria e Formación SLNE

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 4 (Informática): O día 16 de maio de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: O día 25 de abril de 16:00 a 20:00. O día 23 de maio de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 7: O día 18 de abril de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 8: O día 09 de maio de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 10: O día 02 de maio de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGOAMPL

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 18/04/2017 a 23/05/2017

NUM. PRAZAS: 12

ESTADO: ANULADA

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE